

NOVEMBRO 2011

“Lapsus”

O meu pai dicía sempre que eu nacera por un “lapsus” o día da voda do seu irmán, que el e a miña nai beberan un pouco e xa se sabe. Tamén, polo que se ve, foi un “lapsus” do coordinador de planta non me meter nas listas para renovar os contratos; e o avogado do seguro dixo que fora un “lapsus” do rapaz aquel que arremeteu contra min co coche no semáforo e deixou o meu para o despezo. Así que cando o meu Fernando me deu aquela labazada en plena cara con toda a súa manaza aberta e despois dixo con vociña de bo aquilo de ‘non mo teñas en conta, riquiña, só foi un lapsus’, pois pensei que xa era abondo e por iso estou aquí, señora xuíza, porque non aguanto máis “lapsus”.

Inédito



01 martes	2003 Morre Xela Arias, escritora e pioneira nos labores de tradución ao galego.	16 mércores	1950 Nace Amelia Valcárcel, filósofa feminista. Premio M. de Cervantes.
02 mércores	1928 Nace Luisa J. Hdez. Lavalle, novelista mexicana. Premio Nal. de CC e Artes 2002	17 xoves	1878 Nace Lisa Meitner. Colaborou no descubrimento da fisión.
03 xoves	1793 Olimpia de Gouges é guillotina logo de publicar “Os Dereitos da Muller e da Cidadá”.	18 venres	1940 Nace Margaret Atwood, a mellor escritora canadiana de lingua inglesa.
04 venres	1868 Nace en Valga Carolina Otero Iglesias “La Bella Otero” raíña da Belle Epoque europea.	19 sábado	1933 As mulleres españolas participan por 1ª vez nunhas eleccións democráticas.
05 sábado	1952 Nace Vandana Shiva, ecofeminista loitadora contra as sementes transxénicas.	20 domingo	1941 Xulia Minguillón gaña o premio nacional de BB.AA. con “A escola de Doloriñas”
06 domingo	1936 Federica Montseny, 1ª muller Ministra do Goberno da II República.	21 luns	1922 Nace María Casares, actriz de orixe galega, exiliada despois da Guerra Civil española.
07 luns	1905 50.000 obreiras desfilan en Londres contra o ministro Balfour.	22 martes	1990 Dimite Margaret Thatcher como Primeira Ministra do Reino Unido.
08 martes	2003 Fina Hava Rexha, a muller máis anciá de Albania e do mundo, con 123 anos.	23 mércores	1961 Nace Mila Ramos, poeta e cofundadora de Mulleres en Zona de Conflitos.
09 mércores	1977 Rosalyn Susman Yalow recibe o Nobel de Fisioloxía e Medicina. Técnica de RIA.	24 xoves	1998 Pasamento de Maruxa Villanueva, “Raíña do alalá”. Colaborou activamente a prol da República.
10 xoves	2005 Ellen Johnson, primeira Xefa de Estado dun país africano é escollida Pdta. De Liberia.	25 venres	Día Internacional para a Eliminación da Violencia Contra as Mulleres
11 venres	2007 A Dra. en Física Inmaculada Paz Andrade, primeira galega en recibir o Premio María Wonenburger.	26 sábado	1892 Nace en Menorca Margarida Comas i Camps, científica e teórica da educación.
12 sábado	1651 Nace Sor Juana Inés de la Cruz, escritora. Destacada intelectual da súa época.	27 domingo	1922 Cándida Rodríguez, “Martir de Sobredo”, é asasinada nas loitas pola abolición dos foros.
13 domingo	As mulleres mariscadoras e ás outras que, como Rosa, viven e morren polo mar.	28 luns	1895 Nace Ofelia Nieto, soprano lírica compostelá.
14 luns	1985 Nace en Mallorca Elena Gómez Servera, campioa do mundo de Ximnasia Artística.	29 martes	1832 Nace Louisa May Alcott, escritora estadounidense. Escribe “Mulleriñas”.
15 martes	1978 Pasamento de Margaret Mead, antropóloga estudiosa das sociedades non industriais.	30 mércores	1938 Nace Margarita Salas, bióloga molecular. Premio Ramón y Cajal.